

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



Nivel Medio 🙌🙌

# POLOS CREATIVOS

**KS-D2-Dinosaurios**  
**En busca do ovo perdido**

Actividade elaborada coa colaboración de Kayakasaurus

# Dinosaurios 2

## Achega

- Tesoira
- Plastificadora (opcional)
- Modelos fotocopiables

## Indaga

Os algoritmos son secuencias paso a paso de instrucións deseñadas para resolver un problema específico. No contexto deste labirinto sinxelo, un algoritmo podería ser deseñado para explorar cada posible roteiro.

- Traballando en pequeno grupo identificate que instrucións precisa o dinosauro para chegar ata o niño.
- Coloca as tarxetas para formar o algoritmo dándolle instrucións ao dinosauro. Lembra que podes ruxir!
- Simplifica o algoritmo empregando as tarxetas con números e paréntese. Podes facer algún bucle?
- Algúns dinosaurios poñían os seus ovos en niños que escavaban sobre a terra e cubríanos con materiais como follas. Podían poñer entre 20 e 40 ovos e cada ovo tiña entre 30 e 60 centímetros.

